



Recibiuse na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) un escrito procedente da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública, no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo (subgrupo C1) da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A proposta de modificación de RPT viña acompañada do informe correspondente, que inclúe tamén a equivalencia do posto que se transforma de laboral a funcionario.

Atendendo á solicitude formulada, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, en concordancia co artigo 14 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. *Obxecto da proposta*

O obxecto desta proposta é modificar a relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia, publicada no DOG do 21 de agosto de 2024, coa intención de emendar un erro cometido ao non recoller o posto de traballo, dependente da Xefatura Territorial de Vigo, de peón/oa especializado/a, nivel 11, aberto ás escalas de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (código PS.C99.10.000.36560.600) como posto do corpo administrativo (subgrupo C1) da escala de axentes de inspección, especialidade de vilixancia de estradas.





SEGUNDO. *Antecedentes*

1. Publicación do acordo polo que se declara apta no procedemento a persoa que ten reclasificada a categoría profesional como técnico/a práctico/a en C. e vixilancia de obras, técnico/a do grupo III, categoría 7, por sentenza número 533/2006 (autos 480/2006) do Xulgado do Social número 2 de Vigo:

- Resolución do 7 de febreiro de 2022, da comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG do 18 de febreiro).

2. Modificación de RPT que non recolle a reclasificación do posto obxecto deste informe:

- Resolución do 8 de agosto de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 5 de agosto de 2024 polo que se aproba a modificación das relacións de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación en diversos corpos de funcionarios (DOG do 21 de agosto).

3. Procedemento para nomear como persoal funcionario o persoal laboral que superou os procesos de funcionarización:

- Orde do 8 de agosto de 2024 pola que se regula o procedemento para o nomeamento como persoal funcionario de carreira do persoal laboral fixo de determinadas categorías profesionais que superou os procesos de funcionarización convocados polas resolucións do 26 de abril de 201 e do 12 de maio de 2021 (DOG do 27 de agosto).

No anexo II desta orde figura, como persoal nomeado funcionario de carreira, a persoa que ocupa o posto obxecto deste informe (código PS.C99.10.000.36560.600) dentro do corpo administrativo de Administración xeral, escala de axentes de inspección, especialidade de vixilancia de estradas, subgrupo C1.





TERCEIRO. *Proposta de modificación de RPT*

As persoas que superaron os procesos de funcionarización teñen dereito ao cambio de vínculo xurídico e toma de posesión como funcionarios de carreira, unha vez acreditados os requisitos esixidos. Para facer efectivo este dereito, procede a modificación do seguinte posto de traballo con efectos do 22 de agosto de 2024, ao abeiro do artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

Clasificación anterior:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBGRUPO-NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.
XEFATURA TERRITORIAL VIGO	PEÓN/OA ESPECIALIZADO/A PS.C99.10.000.36560.600	AP NIVEL 11 (*)	XEE/XET	AXG

(*) Posto que como laboral tiña en orixe o complemento salarial B12: responsabilidade

Nova clasificación:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBGRUPO-NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.
XEFATURA TERRITORIAL VIGO	TÉCNICO/A PRÁCTICO/A EN CONTROL E VIXILANCIA PS.C99.10.000.36560.600	C1 NIVEL 18 (*)	XCC2	AXG

(*) Tendo en conta o complemento salarial que como laboral tiña en orixe B12: responsabilidade

CÓDIGOS

XEE XERAL (ESCALA DE PERSOAL SUBALTERNO)

XET XERAL (ESCALA DE PERSOAL DE MANTENIMENTO)

XCC2 XERAL (ESCALA DE AXENTES DE INSPECCIÓN, ESPECIALID. VIXILANCIA ESTRADAS)

SEXTO. *Custos*

En relación coa memoria económica, pronunciárase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.



Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio emite **informe favorable** sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo (subgrupo C1) da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL.
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

